

XEOGRAFÍA E HISTORIA 1º ESO

Departamento de Xeografía e Historia

IES Ramón Otero Pedrayo

CADERNO DE ACTIVIDADES

Temas 5 ao 9

Resolve o seguinte pasatempos:

Tema 6

Pasatempos

▶ A serpe silábica

Descubre nesta serpe silábica os nomes de cinco capitais do mundo. Logo indica de que estado é capital e en que continente está.




▶ Que tes que meter en cada un destes arquivadores?

Botswana	Ceuta	Cabo Verde	Illas Salomón	Belice	Sáhara occidental
Costa Rica	Güiana	Brunei	Martinica	Xibraltar	Camboxa
Nova Caledonia	Nepal	Chipre	Illas Cook	Cidade do Vaticano	Guam


▶ A pirámide graduada

A pirámide graduada está formada por nomes de estados e capitais do mundo.

1. Estado do centro de África, cuxa capital é N'Djamena.
2. Estado do golfo de Guinea, con capital Porto Novo.
3. Capital de Bahrein, estado do golfo Pérsico.
4. Capital de Venezuela.
5. Estado de Europa oriental, con capital Chisinau.
6. Estado do norte de Europa, con capital Helsinki.
7. Estado asiático, cuxa capital é Kabul.
8. Estado do sur de América, a súa capital é Bos Aires.
9. Esta é a capital de Brasil.
10. Outro estado do sur de América, a súa capital é Montevideo.
11. Esta é a capital de Estremadura, unha comunidade autónoma española.
12. Estado africano do Mediterráneo, capital Trípoli.
13. Estado africano do golfo de Guinea, a súa capital é Lomé.




TEMA 7. AS SOCIEDADES PREHISTÓRICAS:



A VIDA NO PALEOLÍTICO:

MEDIO NATURAL	Alternancia de climas fríos (periodos glaciais) e cálidos.
MODO DE VIDA	Sociedade depredadora, viven dos recursos que son capaces de extraer (non producir) da natureza: caza, recolección de froitos, pesca...
HÁBITAT	Grupos nómadas que ocupan covas ou viven ao aire libre protexidos por elementos naturais.
SOCIEDADE	Tribus formadas por individuos con lazos familiares. Estaban xeraquizados: guerreiro, anciáns, feiticeiros...
RELIGIÓN	Posuían unhas crenzas relixiosas relacionadas coa natureza (raios, sol...). Enterraban aos seus mortos de maneira ritual.
TECNOLOXÍA	Os principais avances técnicos están relacionados co traballo da pedra, o control e obtención do lume e o traballo das peles. Surxiron as pinturas rupestres no interior das covas con finalidade máxica: pintaban de maneira realista os animais que pretendían cazar para favorecer o seu éxito.
ARTE	En escultura usaban diferentes materiais para realizar figuras femeninas (venus) que representan a fertilidade.

ARTE DO PALEOLÍTICO:



Bisonte de Altamira

PINTURA RUPESTRE

- **Lugar:** paredes e teito de covas.
- **Motivos:** animais individuais e con gran realismo (mamuts, bisontes, cervos, cabalos...).
- **Función:** máxica, para favorecer o éxito da caza.
- **Técnicas:** aplicación das pinturas cos dedos, pinceis de pelos de animais ou espátulas. Aproveitábase a irregularidade da paredes para dar relevo ás figuras.
- **Materiais:** pinturas obtidas de elementos naturais: minerais, animais e plantas.
- **Obras principais:** Altamira (Cantabria), Lescaux (Francia).

ESCULTURA

- **Motivos:** Pequenas esculturas con formas esaxeradas de muller, denominadas venus.
- **Función:** máxica, relacionada co culto á fecundidade e á vida.
- **Técnica:** talla.
- **Materiais:** marfin, pedra ou óso.
- **Obras principais:** Venus de Willendorf (Austria), Venus de Lespugue (Francia).



Venus de Wilendorf

A VIDA NO NEOLÍTICO:

MEDIO NATURAL	Produciuse un quecemento global que produciu a distribución de fauna e flora no planeta e provocou a diminución de alimentos para os seres humanos.
MODO DE VIDA	Sociedade produtora: a necesidade de alimentos fixo que xurdira a agricultura e a gandería. A poboación especializouse e pronto xurdiu a necesidade do troco para conseguir outros produtos.
HABITAT	Grupos sedentarios. A aparición da agricultura e a gandería que garantía a alimentación, xerou a aparición de poboados estables.
SOCIEDADE	Organizouse mediante a división do traballo. Cada membro da sociedade tiña unha función dentro dela: cultivar, defender a poboación, elaborar enseres...
RELIXIÓN	Rendían culto aos mortos e crían na existencia de espíritos.
TECNOLOXÍA	Durante este período melloraron as ferramentas de pedra (pulimentada), a fabricación de tecidos e a cerámica.
ARTE	Os principais elementos artísticos están relacionados cos obxectos de uso cotián, como a cerámica (moi decorada) e os elementos de carácter funerario como os ídolos. Na pintura desenvólvese o esquematismo de imaxes de caza, recolección ou actos rituais.

A VIDA NA IDADE DOS METAIS:

MEDIO NATURAL	Similar ao Neolítico: clima cálido.
MODO DE VIDA	Asentouse a agricultura e a gandería co uso das novas ferramentas de metal. Fomentouse o comercio, sobre todo de metais.
HÁBITAT	Asentamentos estables en lugares elevados e protexidos con elementos defensivos (murallas, etc.).
SOCIEDADE	A sociedade avanza na especialización do traballo o que conduce á aparición de diferenzas sociais.
RELIXIÓN	Posuían unhas crenzas relixiosas relacionadas coa natureza (raios, sol...) e adoraban a determinados animais como o touro ou o cabalo. Usaban os elementos metálicos como ofrenda aos deuses.
TECNOLOXÍA	Os principais avances técnicos están relacionados co desenvolvemento metalúrxico e a aparición de novas ferramentas agrícolas como o arado e de transporte como a roda.
ARTE	Aparecen as construcións megalíticas: menhir, crómlech, dolmen. Séguese practicando a pintura esquemática.

a) **Realiza un cuadro como este** no que compares a vida no Neolítico, o Paleolítico e a Idade dos Metais, seguindo a seguinte estrutura:

CARACTERÍSTICAS	NEOLÍTICO	PALEOLÍTICO	IDADE DOS METAIS
MEDIO NATURAL			
MODO DE VIDA			
HÁBITAT			
SOCIEDADE			
RELIXIÓN			
TECNOLOXÍA			
ARTE			

Resolve o seguinte pasatempos:


► Axudas ao historiador a ordenar a información?

Un investigador acaba de atopar unha serie de documentos en moi mal estado de conservación. Están desordenados e unicamente consegue ler algunhas frases. Podes axudalo a dar sentido aos documentos? O investigador pensa que se trata dun relato, pero estalle custando dar sentido á información. Podes ti ordenar a información para que teña sentido histórico, é dicir, numerar do 1 ao 6 os parágrafos pola información que dan de máis antigo a máis moderno?

- Outro importante descubrimento foi o a fundición do ferro, un metal que permite facer armas máis resistentes e mellores ferramentas de traballo.
- Cando se decataron que unha semente introducida na terra xerminaba e daba froitos ao cabo dun tempo, comprenderon que podían controlar a produción de alimentos, así como acomodala ás necesidades de alimentación do grupo.
- Nas orixes da humanidade, os cazadores debían conseguir os animais necesarios para alimentar o grupo.
- Agora xa non teñen que trasladarse cada temporada de hábitat.
- Como lograrían manter esas cabras dentro dun cercado? Resulta moi interesante poder dispor delas cando se precisen, sen ter que saír a cazalas coa incerteza de podelas capturar.
- A alguén se lle debeu ocorrer quentar unhas pedras que contiñan uns materiais de brillaban e atraían a súa atención. E o calor fixo derreter aquel metal, que resultou ser cobre. A fundición de metais permitiu fabricar útiles máis variados que en pedra.

► Xeróglifo

Que desexa cazar?




► A que cultura pertencen? Paleolítico? Neolítico? Megalítico? Ibérica? Castrexa?

Identifica a que cultura pertencen os seguintes conceptos indicándoa nos recadros.

Castro	Caza	Dólmen	Catal Huyuk	Nómades
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Crecente fértil	Economía produtiva	Dama de Elxe	Economía depredadora	Pinturas de Altamira
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

TEMA 8. EXIPTO E MESOPOTAMIA:



O NACEMENTO DAS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS:

Tras o descubrimento da agricultura no Neolítico, esta foise desenvolvendo máis nalgúns lugares que noutros debido á fertilidade da terra na que se asentaban os diferentes pobos. Naqueles lugares con terras fértils xurdiron fortes e poboadas civilizacións que xeraron novas formas de vida até este momento inexistentes: organización social, novos

oficios, desenvolvemento do comercio e dos transportes, estrutura político – administrativa e relixiosa, aparición da escritura, etc.

Estas novas civilizacións asentábanse xunto a ríos que anualmente se desbordaban fertilizando as beiras con limos. Unha vez retirada a auga da crecida, as beiras fertilizadas eran aproveitadas para as producións agrícolas, obténdose grandes colleitas.

A ORIXE DA ESCRITURA:

A orixe da escritura foi simultáneo en Mesopotamia e Exipto, en torno ao 3500 a.C. A súa creación foi resposta á necesidade de levar un rexistro e contabilidade na administración e para o comercio, logo estendeuse o seu uso a outros campos.

Houbo algunhas diferenzas entre a escritura en Mesopotamia e en Exipto, aínda que en ambos os casos os escribas eran moi valorados socialmente.



MESOPOTAMIA

Utilizábanse táboas de barro nas que se realizaban incisións cunha cana afiada cando aínda a arxila estaba branda.

Dáselle o nome de cuneiforme (en forma de cuña) debido á forma triangular que deixaba a cana ao escribir.



EXIPTO

Escribíase sobre papiro ou sobre pedra usando pinceis e tinta.

Dáselle o nome de xeroglífica, posto que representa o significado das palabras mediante debuxos ou símbolos alusivos a elas.

a) **Completa no teu caderno o seguinte cadro** coas diferenzas entre as escrituras mesopotámicas e exipcias:

Nome da escritura	Soporte	Instrumentos para escribir	Símbolos usados
-------------------	---------	----------------------------	-----------------

Mesopotamia


Exipto

Resolve o seguinte pasatempo:

▶ **A columna vertebral**


Resolve este encrucillado e obterás, nos cadros centrais sombreados, o tipo de sistema político característico do Exipto faraónico.

1. Tumba exipcia en forma de tronco de pirámide de planta rectangular.
2. Espazo nos tempos exipcios, rodeado de columnas, ao que tiñan acceso os fieis.
3. Nome do faraón que ordenou construír a maior pirámide conservada.
4. Funcionario exipcio que estaba especializado nos traballos burocráticos.
5. Deus exipcio que preside os xuízos dos defuntos.
6. Monarca exipcio absoluto e divinizado.
7. Técnica e cerimonia consistente en manter o corpo do defunto sen corromperse.
8. Tipo de escritura característica do Exipto antigo.
9. Tipo de tumba de forma xeométrica reservada aos faraóns e grandes funcionarios exipcios.



▶ **Xeróglifo**


A que civilización antiga se refire?



▶ **Copia no teu caderno este relevo exipcio e indica cales son os símbolos do poder do faraón.**



TEMA 9. A HÉLADE:




Responde ás seguintes cuestións consultando o teu libro de texto:

- a) Elabora un eixo cronolóxico no que aparezan os períodos da civilización grega e os principais acontecementos e datas: época arcaica, época clásica, época helenística, Guerras Médicas, guerras do Peloponeso, reinado de Alexandre o


Magno.

- b) Que formas de goberno dominaban na época arcaica? Que diferenzas había entre elas?
- c) Cales eran as principais cidades gregas da época clásica? Que forma de goberno existía en cada unha delas? En que consiste cada forma de goberno?
- d) De onde procedía Alexandre o Magno, Que forma de goberno tiñan nese lugar?
- e) Que reinos incorporou Alexandre o Magno ao seu poder?
- f) Quen acabou co dominio grego? Cando?

 <p>SOCIEDAD GRIEGA</p> <p>CIUDADANOS</p> <p>NO CIUDADANOS</p> <p>MUJERES EXTRANJEROS ESCLAVOS</p>	<p>Os cidadáns eran os habitantes do lugar que tiñan todos os dereitos (votar e ser elixidos para cargos públicos) e obrigacións (pagar impostos).</p> <p>O non cidadáns eran principalmente os estranxeiros, que podían gozar dalgúns dereitos e pagaban uns impostos especiais.</p> <p>A muller grega non tiña ningunha función política, aínda que dependendo da cidade, gozaban de máis ou menos liberdades.</p> <p>Os escravos non tiñan ningún tipo de liberdade posto que pertencían a outras persoas.</p>
--	---

- g) A orixe da democracia actual atópase na antiga Grecia, onde os cidadáns podían votar aos seus representantes, pero, Todos os habitantes das polis eran cidadáns? Quen non tiñan todos os dereitos?

TEMA 10. ROMA E O SEU IMPERIO:



Define os seguintes termos:

- Cónsul:
- Senado:
- Plebeo:
- Guerras Púnicas:

- e) Latín:
- f) Tetrarquía:
- g) Convento:

Responde ás seguintes cuestións tras consultar o teu libro de texto:

- a) Como se fundou, segundo a lenda, Roma?
- b) Que etapas ou períodos políticos se diferencian na historia da Roma antiga?
- c) Quen eran os patricios?
- d) Con que convento da Gallaecia se corresponde a actual Galicia?
- e) Entre que datas estivo vixente en Roma o réxime republicano?
- f) Que potencias se enfrontaron nas guerras púnicas? Como remataron?
- g) Entre que datas tivo lugar a conquista romana da península Ibérica?
- h) Cando alcanzou a súa máxima extensión o imperio romano?

Indica se son verdadeiras (V) ou falsas as seguintes afirmacións. As que sexan falsas escríbeas correctamente:

- a) O emperador Nerón tratou de deter a decadencia do imperio romano establecendo a tetrarquía:
- b) O derradeiro emperador romano foi Rómulo Augústulo:
- c) O século III marcou o inicio dunha crise que foi a causa da desaparición do imperio romano de occidente:
- d) Os censores eran os encargados de realizar a función administrativa:
- e) O primeiro emperador romano foi Teodosio:
- f) A actual Galicia coincide, básicamente, co convento romano da Lusitania:
- g) O imperio romano de occidente rematou no ano 476 d.C.:
- h) Os plebeos romanos controlaban o poder económico e político:

Resolve o seguinte pasatempos:

► **En que estrato estaban?**

Os científicos que ían estudar os materiais extraídos nunha escavación arqueolóxica atópanse con que falta a indicación do estrato no que estaban depositados. Podes axudalos tí a indicarlles en que estrato se atopaba cada unha das pezas localizadas?

► **Sopa de letras**

Localiza nesta sopa de letras os nomes de seis maxistraturas romanas do período republicano.

T	R	I	B	U	N	O	S	O
A	C	E	N	S	O	R	I	L
R	I	A	L	E	O	O	T	U
C	O	L	O	D	I	T	A	S
A	R	I	A	I	T	S	O	N
M	E	N	O	L	I	E	R	O
A	E	P	R	A	C	U	A	C
S	O	M	A	N	E	C	O	L

► **Encrucillado**

Horizontais:


1. Guerras entre romanos e cartaxineses. 2. Etapa de goberno en Roma que sucedeu ao republicano. 3. Capital do imperio romano. 4. Pobos que non formaban parte do imperio romano. 5. Emperador do século IV que dividiu o imperio entre occidente e oriente (ao revés). 6. Cidade rival de Roma situada no norte de África. 7. Máxima institución de goberno en Roma. 8. Individuo que carece de todo dereito. 9. Título da máxima autoridade romana e que o primeiro en recibila foi Octavio Augusto.

Verticais:

1. Maxistrado romano defensor dos plebeos. 2. Provincia romana conquistada por Xulio César. 3. Divindade romana da guerra equivalente a Ares grego. 4. Conquistador das Galias (ao revés). 5. Maxistrado romano encargado da función administrativa (ao revés). 6. Emperador romano que estableceu unha segunda capital no imperio.

	1	2	3	4	5	6
1						↓
2	↓					
3						
4	↓					
5	↓					
6						
7						
8						
9						

TEMA 11. A CIVILIZACIÓN ROMANA:



Define os seguintes termos:

- Foro:
- Anfiteatro:
- Mosaico:

d) Arco de triunfo:

e) Colonia:

f) Relevo histórico:

Responde ás seguintes cuestións tras consultar o teu libro de texto:

a) Cal era o nome latino de: Mérida, Lugo, Zaragoza, Lleida, Tarragona e Calahorra?

b) Que eran as *villae*?

c) Que produtos agrícolas foron os que máis se exportaron desde Hispania?

d) Que significa que a civilización romana foi unha civilización urbana?


e) Que era o foro e que función desempeñaba?

f) Que papel desempeñaban os escravos na economía romana?

g) Que achegas culturais destacan da civilización romana?

h) Cales foron as novas formas de hábitat introducidas polos romanos en Gallaecia?

Que función tiñan estas obras?




Resolve o seguinte pasatempos:

► Cidades e cidadáns de Hispania

Resolve este encrucillado e obterás, na columna sombreada, o nome dos habitantes de Cabra, que non se parece en nada ao que poidas pensar, pois deriva do nome latino desta localidade cordobesa.

1. Cal era o nome romano da actual Lleida
2. Como se chaman os habitantes de Calahorra?
3. E os de Cádiz?
4. E os de Calatayud?
5. E os de Mérida?
6. E os de Huesca?
7. Cal era o nome romano da poboación que deu orixe á Coruña?
8. Cal era o nome romano da actual Sevilla?
9. Cal era o nome romano da actual Zaragoza?
10. Como se chaman os habitantes de Lugo?



► Sopa de letras

Localiza nesta sopa de letras o nome de 8 obras públicas construídas polos romanos.

P	A	C	I	L	I	S	A	B	A
A	C	A	E	C	E	R	S	E	N
B	U	S	T	I	F	E	R	A	F
T	E	A	T	R	O	C	A	M	I
A	D	I	C	C	A	E	M	O	T
P	U	R	G	O	T	E	R	R	E
A	T	I	F	R	E	W	E	T	A
C	O	O	L	P	M	E	T	A	T
O	R	S	A	L	I	Z	A	E	R
P	E	S	E	T	N	O	P	R	O